

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso de selección dunha praza de (1) operario de limpeza, persoal laboral fixo, reservada a persoa con discapacidade xeral, incluída na OEP 2017

Expediente 2021/E001/000014

Mediante resolución da Alcaldía núm. 1049/2021 procedeuse á aprobación das Bases reguladoras do procedemento de selección de unha praza de (1) operario de limpeza, persoal laboral fixo, praza incluída na OEP 2017, reservada a persoa con discapacidade xeral polo sistema de concurso-oposición, procedendo á convocatoria das correspondentes probas selectivas.

As devanditas bases publicáronse no BOP no 237 de 15.12.2021. No DOG no 243 de 21.12.2021 publicouse un estrato da citada convocatoria. E no BOE no 304 de 21.12.2021, publicouse extracto da mesma comezando o prazo de presentación de instancias de 20 días naturais; rematado o prazo de presentación de instancias, e consonte co establecido na Base 6a, procede a publicación da Lista definitiva de admitidos no devandito procedemento de selección.

Consonte ao anterior, e no exercicio das facultades atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos ao procedemento de selección dunha praza de (1) operario de limpeza, persoal laboral fixo, praza incluída na OEP 2017, reservada a persoa con discapacidade xeral, que a continuación se indica:

DNI	ADMITIDO/ESCLUÍDO	CAUSA EXCLUSIÓN
52457539J	Admitida	
35447444M	Excluído	1
76965559S	Admitido	
33280718V	Admitida	
35453733S	Admitido	
76968410Z	Excluída	2

- (1) Deberá acreditar a vixencia da resolución de recoñecemento da discapacidade, dado que se indicaba que era revisable a partir do 2013.
- (2) Documentación incompleta: non se achega copia da resolución.

Segundo.- Os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos e excluídos, disporán dun prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación no BOP de A Coruña, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da listaxe. Os aspirantes

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 389,144 exp. 2022/G003/000225

que dentro do prazo sinalado non emenden a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídos na relación de admitidos, serán considerados definitivamente excluídos.

Terceiro.- De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE RIANXO. Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal, e de conformidade co establecido nas presentes bases, para o que se requirirá no momento de realización do primeiro exercicio, o documento de autorización de cesión. Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento. Para elo, CONCELLO DE RIANXO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos polo alcalde, Adolfo Muíños Sánchez, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).